



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA SOLICITAR FINANCIAMENTO ESTATAL DIRECTO PARA A APLICACIÓN DA LEI DE BENESTAR ANIMAL E A HABILITACIÓN DUNHA LIÑA PROVINCIAL DE APOIO AOS CONCELLOS**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A entrada en vigor da Lei 7/2023, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, supuxo a atribución ás entidades locais de novas obrigas en materia de xestión das colonias felinas, control poboacional, asistencia veterinaria, campañas de sensibilización e promoción da tenza responsable.

Estas competencias están a ser asumidas polos concellos sen que exista, ata o momento, un sistema de financiamento estatal estable, suficiente e adaptado á realidade municipal, especialmente nos concellos de carácter rural e de menor poboación.

O actual modelo baseado en convocatorias de subvencións en concorrencia competitiva dificulta o acceso aos recursos necesarios, xerando desigualdades territoriais e impedindo unha aplicación efectiva da normativa.

Ademais, debe terse en conta que, coa reactivación das regras fiscais e de estabilidade orzamentaria, a asunción de novos gastos estruturais por parte das entidades locais en materias que non veñen acompañadas do correspondente financiamento resulta dificilmente compatible coa necesaria planificación económica e coa sustentabilidade financeira municipal.

Cómpre lembrar que a aprobación desta normativa non veu acompañada dun marco económico suficiente, trasladando na práctica aos concellos a responsabilidade de afrontar uns custos que poden ser moi elevados.



Neste sentido, estímase que o custo medio dunha esterilización dunha gata pode situarse arredor dos 200 euros, ao que se suma o custo da identificación mediante microchip, aproximadamente 60 euros, o que supón un gasto aproximado de 260 euros por animal. Tendo en conta o elevado número de animais existentes en colonias felinas, estas actuacións poden xerar importantes desequilibrios económicos nas facendas municipais, especialmente nos concellos de menor dimensión.

Así mesmo, o custo real derivado da aplicación da lei non depende exclusivamente da poboación, senón tamén de factores como a extensión territorial, a dispersión poboacional e o carácter rural, que incrementan notablemente as necesidades de actuación e os custos asociados.

Resulta preciso, polo tanto, establecer un sistema de financiamento estatal directo, estable e automático, baseado en criterios obxectivos como o número de habitantes e variables correctoras vinculadas ao territorio.

Por outra banda, considérase necesario implantar un modelo de xustificación simplificado, semellante ao previsto no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que permita acreditar o destino dos fondos mediante a presentación de facturas e certificación municipal da execución das actuacións.

Mentres non se articule un sistema estatal estable, resulta oportuno habilitar medidas de apoio a nivel provincial que permitan aos concellos afrontar de forma inmediata os custos derivados da aplicación da normativa.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno do Estado a habilitar unha liña de financiamento estatal directa, estable e anual destinada ás entidades locais para a aplicación efectiva da Lei de Benestar Animal.



DEPUTACIÓN
DE OURENSE

2. Solicitar que a distribución destes fondos se realice mediante criterios obxectivos baseados no número de habitantes, garantindo unha asignación automática, equitativa e proporcional.
3. Reclamar que no deseño do modelo de financiamento se teñan en conta criterios correctores complementarios, tales como a extensión territorial do municipio, a dispersión poboacional e o carácter rural.
4. Solicitar a implantación dun sistema simplificado de xustificación dos fondos, que permita acreditar o destino das actuacións mediante:
 - presentación de facturas
 - certificación da secretaría ou intervención municipal.
5. Instar á Deputación Provincial de Ourense a habilitar, con carácter transitorio, unha liña específica de axudas para concellos de menos de 10.000 habitantes, establecendo unha asignación económica en función da poboación, condicionada a ser aprobada na próxima modificación de crédito.
 - De 0 a 1.000 habitantes: 1.000 €
 - De 1.001 a 3.000 habitantes: 2.000 €
 - De 3.001 a 5.000 habitantes: 3.000 €
 - De máis de 5.000 e ata 10.000 habitantes: 4.000 €
6. Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, á FEGAMP e á Deputación Provincial de Ourense.

Ourense, 12 de marzo de 2026.

44468060K ANA
PATRICIA TORRES (R:
V32237471)

Firmado digitalmente por
44468060K ANA PATRICIA TORRES
(R: V32237471)
Fecha: 2026.03.12 13:07:16 +01'00'

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE